

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS (ANPA)
“AS BOUZAS DO I.E.S. MONTE DA VILA”

CAPITULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO, ÁMETO:

Artigo 1º.- Coa denominación ANPA “AS BOUZAS” constitúese esta asociación, de nais, pais e titores de alumnos do “I.E.S. MONTE DA VILA” ao amparo da Lei Orgánica do Dereito á Educación 8/1 985 e da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo e demais leis e disposicións complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2º.- Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3º.- Terá como fins os seguintes:

- a) Asistir aos pais e titores en todo aquilo que concirne á educación dos seus fillos e pupilos.
- b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do centro.
- c) Promover a participación dos pais dos alumnos e alumnas na xestión do centro.
- d) Asistir aos pais do alumnado no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do centro.
- e) Facilitar a representación dos pais do alumnado no Consello Escolar do centro.
- f) Estimular a participación dos pais de alumnos na programación xeral do ensino a través do órgano colexiado correspondente.
- g) Fomentar as relacións de cooperación do centro con outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais do entorno.

-
- h) Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todos os alumnos sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.
 - i) Requiririlles aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e proxectos de actuación relativos á educación, solicitando a atención e axudas que esta merece.
 - j) Promover actividades formativas, culturais e de estudo.
 - k) Promover accións de colaboración de pais con profesores e as boas relacións entre ambos co fin de colaborar na definición dunha adecuada estratexia didáctica e pedagóxica.
 - l) E todos aqueloutros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

Artigo 4º.- Para o cumprimento destes fins realizaranse, todas aquelas actividades formativas, culturais e de estudo e reunións con todos os sectores da comunidade educativa e todas aquelas outras tendentes a cumprir os fins sinalados e que sexan conformes á lei e decididas polos órganos competentes.

Artigo 5º.-

- A. Para a realización das actividades que lle son propias a Asociación utilizará locais do centro, a cuxo efecto o Director facilitará a integración de ditas actividades na vida escolar tendo en conta o normal desenvolvemento desta.
- B. A efectos da utilización dos locais do centro á que se refire o apartado anterior será necesaria a previa comunicación da Xunta Directiva da Asociación á Dirección do centro.

Artigo 6º.- Para o mellor cumprimento dos fins esta Asociación intégrase na Federación Provincial de ANPAS de Pontevedra e conxuntamente con outras ANPAS na Confederación Galega de ANPAS de centros Públicos (CONFAPA Galicia) e a nivel estatal na Confederación Española de APAS (CEAPA).

Artículo 7º.- O ámbito da Asociación é local (estendéndose ademais a tódolos concellos onde moren os alumnos do centro) e fixa o seu domicilio no I.E.S. MONTE DA VILA, na rúa AS BOUZAS, Nº22, de O GROVE.

CAPÍTULO II

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 8º.- A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:

- Presidente.
- Vicepresidente.
- Secretario.
- Vicesecretario.
- Tesoureiro.
- Vicetesorero.
- Vogais (0-10).

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos e renovarase a partir do segundo ano, cada ano a metade dos membros.

Artigo 9º.- Os membros da Xunta Directiva que esgotasen o prazo para o que foron electos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que lles van substituír.

Artigo 10º.- A elección de membros da Xunta Directiva pola correspondente asemblea, será polo procedemento de listas abertas.

Artigo 11º.- A Xunta Directiva escollerá de entre os seus membros os cargos correspondentes.

Artigo 12º.- As vacantes que se puidesen producir por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou por incumprimento das obrigas inherentes ao cargo, poderán ser cubertas provisionalmente por membros que designe a Xunta Directiva ate que se celebre a primeira xuntanza da Asemblea Xeral.

Artigo 13º.- A Xunta Directiva reunirse todos os meses do curso escolar e ademais sempre que sexa convocada polo seu Presidente. Tamén deberá reunirse, a petición dun tercio da totalidade dos seus compoñentes. Quedará constituída cando asista a metade mais un dos seus membros e, para que os seus acordos sexan validos, deberán ser tomados pola maioría dos votos correspondentes aos presentes. En caso de igualada, o voto do presidente será de calidade para deixar sen efecto a igualada.

Artigo 14º.- As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requira segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades da Asociación e levar a xestión económica e administrativa, acordando realizar os oportunos actos e contratos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances, contas e programa anual de actividades.
- d) Resolver sobre a admisión de socios se fose necesario.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea e sexa conforme segundo a lei.

Artigo 15º.- O presidente terá as seguintes atribucións: Representar legalmente a Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra; ordenar pagamentos e asinar xunto co administrador/a-tesoureiro/a os libramentos, cheques, etc.; recibir en nome da Asociación calquera cantidade proveniente de subvencións de entidades públicas e/ou privadas; autorizar coa súa sinatura os documentos, actos e correspondencia da Asociación; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou que no desenvolvemento das súas actividades resulte necesario ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva; asumirá tamén, en todo caso, todas as facultades que a lei establece.

Artigo 16º.- O/A Vicepresidente/a será o encargado de substituír ao Presidente/a en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións ca este. O Presidente poderá delegar en este as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados ou un conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

Artigo 17º.- O Secretario terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os Libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de Asociados e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribíbeis nos correspondentes rexistros, así como a presentación das contas anuais e do programa de actividades e o cumprimento das obrigas documentais, nos termos que legalmente correspondan; ademais velará pola conservación dos locais sociais e gardará o selo da Asociación.

Artigo 18º.- O Tesoureiro estará encargado de recadar e conservar os fondos e bens da Asociación. Levará o Libro de Caixa e asinará os libramentos de fondos xunto co Presidente; elaborará o proxecto de orzamento que a Xunta Directiva debe presentar ante a Asemblea Xeral e preparará as contas que deban someterse á antedita Asemblea.

Artigo 19º.- Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membro da Xunta Directiva e poderán recibir por acordo desta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo así como a execución de encargos, comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta Directiva lle fosen encomendadas.

Artigo 20º.- As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

CAPITULO III

ASAMBLEA XERAL

Artigo 21º.- A Asemblea Xeral é o Órgano supremo e soberano da Asociación e estará integrada por todos os socios.

Artigo 22º.- As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase obrigatoriamente unha vez ao ano, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio e nela proporase a aprobación das contas e orzamentos e do programa xeral da actuación social. Tamén nela se procederá á elección de membros da Xunta Directiva cando corresponda por imperativo estatutario; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o pida ou solicite formalmente por escrito cando menos un tercio dos asociados.

Artigo 23º.- As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar alomenos 15 días, podendo así mesmo facerse constar a data e hora en que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poda mediar un prazo inferior a 15 minutos.

Artigo 24º.- As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a metade máis un dos asociados e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados presentes.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos non sendo computábeis a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Artigo 25º.- Será necesario o voto favorábel dos dous tercios dos asociados presentes na asemblea para adoptar as seguintes decisións:

- a) Nomeamento das Xuntas Directivas.
- b) Disposición e alleamento de Bens.
- c) Solicitude de Declaración de utilidade Pública da Asociación.
- d) Integración en Federacións.
- e) Modificación Estatutaria.
- f) Disolución da Asociación.

CAPITULO IV

SOCIOS

Artigo 26º.- Poderán ser membros da Asociación todos os pais ou titores maiores de idade, dos alumnos que cursan estudos no centro.

Artigo 27º.- Serán dereitos dos asociados:

- a) Escoller, e poder ser escollido para todas as funcións representativas da Asociación.
- b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
- c) Tomar parte en todas as actividades da Asociación e utilizar os servicios que poidan establecerse en beneficio dos socios.
- d) Dirixir peticións e propor iniciativas aos Órganos de Goberno da Asociación.
- e) Solicitar e recibir da Xunta Directiva tanta información precisen sobre a xestión asociativa.
- f) Asistir a todas as reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.
- g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e na execución e eficacia dos mesmos.

Artigo 28º.- Serán deberes dos socios:

- a) Observar e cumprir os estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.
- b) Contribuír economicamente ao sostemento da asociación na forma e modo que se estableza na Asemblea Xeral.

Artigo 29º.- Se Causará baixa na Asociación:

- a) Por petición do interesado.
- b) Por baixa dos fillos matriculados no centro.
- c) Por impago da cota anual, e mediando un apercibimento previo da Xunta Directiva.
- d) Por incumprimento dos Estatutos.
- e) Pola utilización da Asociación con fins alleos aos específicos desta.

Para excluír a calquera socio polas causas do apartado “d” e “e” do presente artigo, deberase abrir un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán os feitos que orixinan a expulsión. Así mesmo deberase oír ao propio expedentado que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere conveniente na súa defensa e que se unirá ao

expediente que estudiará a Xunta Directiva e propondrá a decisión que considere oportuna. Se optase pola expulsión a presentaraa na próxima Asemblea Xeral, quen despois de oír á Xunta Directiva e ao Socio se o solicitase, tomará unha decisión que será inapelábel.

Artigo 30º.- Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas dos socios periódicas ou extraordinarias que serán determinadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- b) As subvencións, legados, herdanzas ou doazóns que puidese recibir de forma legal e que sexan aceptados tanto que proveñan de persoas físicas ou xurídicas.
- c) Calquera outro recurso de procedencia lícita.

Artigo 31º.- A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituíndo estará composto por todos os bens que se adquiren para a realización dos fins sociais. Na actualidade posúe un saldo de ...0,00... € nunha conta bancaria. A súa administración corresponde á Xunta Directiva.

Artigo 32º.- O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.

CAPITULO V

DISOLUCIÓN

Artigo 33º.- Esta Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral convocada para o efecto e por acordo dunha maioría de dous tercios dos asociados.

Artigo 34º.- En caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora que, unha vez extinguidas as débedas e se existise sobranse líquido se destinará a aquelas entidades sen fin de lucro dedicadas á realización de fins educativas con un espírito similar ao que anima esta asociación e que se sinalará na Asemblea Xeral en que se acorde a liquidación.

DISPOSICION ADICIONAL

En todo cando non estea previsto nos presentes estatutos se aplicará a vixente lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, así como a lei orgánica 8/1 985 reguladora do dereito á educación do 3 de Xullo de 1985 e demais disposicións específicas de aplicación provenientes da Comunidade Autónoma de Galicia ou do dereito estatal supletorio en ausencia do autonómico segundo dispón a Constitución Española.

DILIXENCIA:

Don/Dona....., na súa calidade de secretario/a da ANPA, fai constar que os presentes estatutos foron aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto, celebrada o día dede 2010, para cumprir os requisitos establecidos na disposición transitoria primeira á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

En O Grove a de novembro de 2011

A/O SECRETARIA /O